

Orde do 14 de marzo de 2006 pola que se establecen as bases e se procede á convocatoria para o ano 2006, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para a implantación de sistemas de calidade e fomento da creación e expansión de cadeas sucursalistas.

Preámbulo.

Actualmente o sector comercial enfróntase a un mercado cada vez máis competitivo, no cal coexisten diversas formas de distribución comercial, que intentan satisfacer as necesidades dun consumidor cada vez máis cualificado.

Polo tanto, determínase como un dos obxectivos fundamentais do Plan de renovación e mellora do comercio galego, o fomento da mellora competitiva das Pemes galegas, mediante a mellora da calificación do sector e a adecuación física dos establecementos. A implantación dunha norma de calidade e a posta ao dispor do sector das pautas de xestión e comportamento, que esta norma debe levar implícitas, contribuirán a mellorar a imaxe e competitividade do comercio retalista galego.

En virtude do exposto, e no exercicio das atribucións que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras e proceder á convocatoria para a concesión de axudas para o exercicio 2006, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas á mellora da competitividade do comercio galego a través da implantación da norma de calidade UNE 175001 e o establecemento de marcas de canal.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

1. Poderán beneficiarse das axudas, obxecto desta orde, as pequenas e medianas empresas comerciais retalistas, que cumpran os seguintes requisitos:

-Que desenvolvan a súa actividade comercial en Galicia.

-Que, tendo a condición de PEME conforme cos requisitos establecidos pola Comisión Europea na súa recomendación 2003/361/CE, do 6 de maio de 2003 (DO L 124, do 20-5-2003, p 36), nos establecementos comerciais empreguen menos de 20 traballadores e non teñan a consideración de grande establecemento comercial segundo a normativa aplicable.

-Que a súa actividade corresponda coas actividades da CNAE-93 aprobada polo Real decreto 1560/1992, do 18 de decembro, que se relacionan no anexo IV.

2. Cando o beneficiario sexa unha agrupación de persoas físicas ou xurídicas deberanse facer constar expresamente na solicitude os compromisos de exe-

cución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da subvención a aplicar por cada unha das entidades, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. Nestes casos, deberase nomear un representante ou apoderado único da agrupación con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden á agrupación. Non se poderá disolver a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 23 e 79 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

3. Os solicitantes non poderán estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 3º.-Actuacións subvencionables.

1. As actuacións derivadas da implantación da familia de normas de calidade UNE 175001 Calidade e servizo para o pequeno comercio. O proxecto poderá contemplar as seguintes actuacións:

a) Gastos derivados de auditorías e consultorías realizadas por asesorías externas necesarias para a obtención da certificación, sendo o investimento máximo subvencionable de 1.200 €, IVE excluído.

b) Gastos derivados da emisión do certificado de calidade, sendo o investimento máximo subvencionable de 600 €, IVE excluído.

Para estes efectos, a certificación da devandita norma UNE 175001 será efectuada por empresas e organismos auditores que se atopen acreditados por ENAC como entidades de certificación de sistemas de calidade.

Desde o momento en que haxa algunha entidade acreditada por ENAC para esta norma, as certificacións realizadas polas devanditas entidades serán as únicas admitidas para os efectos desta convocatoria de axudas.

2. As marcas de canal como instrumentos que permitan impulsar plans estratéxicos de creación, optimización e desenvolvemento de establecementos retalistas e a súa expansión como cadeas sucursalistas, sendo o investimento máximo subvencionable de 80.000 €, IVE excluído.

O proxecto de creación e desenvolvemento dunha marca de canal, para a súa viabilidade técnica, comercial e financeira, deberá contemplar as seguintes etapas:

a) Análise interna da empresa.

b) Análise do medio: a competencia, segmento do mercado a que se dirixe e utilidade que quere achegar.

c) Definición da imaxe corporativa

d) Análise da viabilidade financeira.

e) Definición de obxectivos de rendibilidade.

f) Plan de implementación do proxecto con especificación dos resultados cuantitativos e cualitativos esperados, o calendario de execución e orzamento detallado.

Adicionalmente, o proxecto de creación ou expansión dunha marca de canal pode prever outros aspectos como:

- a) A definición do interiorismo e merchandising.
- b) Plan de formación dos recursos humanos.
- c) Plan de comercialización.
- d) Plan loxístico.
- e) Plan de sistemas de información.

3. Non terán carácter subvencionable os impostos recuperables o repercutibles polos beneficiarios.

4. Entenderanse coma actuacións subvencionables todas as accións realizadas entre o 1 de xaneiro de 2006 e a data límite de presentación da xustificación, establecido no artigo 9º desta orde.

Artigo 4º.-Contía e ámbito.

1. Estas axudas outorgaranse en réxime de concorrencia competitiva, con cargo aos créditos previstos nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, na aplicación orzamentaria 10.05.521A 770.4 Fomento calidade do comercio retalista, destinándose para o seu financiamento 1.000.000 euros.

Esta contía poderá incrementarse en función das peticións presentadas, e de acordo coas dispoñibilidades de crédito.

2. Contía da subvención.

2.1. Para as actuacións derivadas da implantación da familia de normas de calidade UNE 175001, as axudas consistirán nunha subvención a fondo perdido de ata o 60% do investimento subvencionable aprobada pola Dirección Xeral de Comercio e Consumo.

2.2. Para as actuacións relativas a marcas de canal, as axudas consistirán nunha subvención a fondo perdido de ata o 50% do investimento subvencionable aprobada pola Dirección Xeral de Comercio e Consumo.

3. Estas axudas quedan sometidas ao réxime de axudas de mínimos, polo que non poderán exceder os límites cuantitativos (100.000 euros nun período de tres anos) establecidos no Regulamento (CE) nº 69/2001 da Comisión da Unión Europea, do 12 de xaneiro de 2001, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas de mínimos (DOCE nº L10, do 13-1-2001).

4. O importe das axudas e subvencións reguladas nesta orde en ningún caso poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras axudas

e subvencións das distintas administracións ou calquera dos seus entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o 70% do investimento subvencionable.

Artigo 5º.-Presentación de solicitudes e documentación.

1. As solicitudes deberán dirixirse ao conselleiro de Innovación e Industria e presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Innovación e Industria ou a través de calquera das formas sinaladas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, entre as cales se inclúen os rexistros dos concellos que subscribiron convenio de colaboración para a implantación dun sistema intercomunicado de rexistro coa Administración autonómica de Galicia.

2. A solicitude de subvención, segundo o modelo normalizado do anexo I, deberase presentar acompañada da documentación que deseguido se relaciona por duplicado exemplar, en orixinal ou copia compulsada polo menos unha delas:

a) Documentos acreditativos da personalidade ou identidade do solicitante (DNI ou CIF no caso de sociedades) e, se é o caso, da representación con que se actúa.

b) Copia da escritura de constitución e modificacións posteriores, no caso de ser unha sociedade.

c) Documentación acreditativa do número de traballadores da empresa (TC2) do mes anterior á presentación da solicitude ou, se é o caso, certificación da Seguridade Social da non existencia de traballadores e último recibo de cotización no réxime de Seguridade Social correspondente.

d) Certificación expedida pola Axencia Tributaria na cal se indiquen as epígrafes do imposto de actividades económicas, nos cales figura dado de alta o solicitante.

e) Memoria de cada unha das actividades para as cales se solicita subvención, que incluírá polo menos, a súa descrición e obxectivos,

f) Orzamento detallado de gastos previstos para a realización de cada unha das actividades para as cales se solicita subvención, e/ou factura pro forma da actividade ou adquisición a subvencionar por quen vaia prestar o servizo.

g) Declaración expresa sobre a concesión ou solicitude doutras axudas ou subvencións para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos, nacionais ou internacionais, así como de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, segundo modelo normalizado establecido no anexo II desta orde.

h) Certificacións expedidas polos organismos competentes, acreditativas de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento ningunha

débeda, por ningún concepto, coa administración pública da comunidade autónoma, sen prexuízo do disposto no artigo 43 da Lei 7/2005, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Ademais disto, e para os efectos sinalados no artigo 7º desta orde, poderase achegar a seguinte documentación:

a) Certificado expedido polo órgano competente de estar integrado nun centro comercial aberto.

b) Certificado expedido polo órgano competente de pertenza a unha asociación de comerciantes ou empresarios.

c) Declaración de compromiso de uso e posterior utilización da lingua galega en campañas publicitarias, elementos promocionais e na sinalética interior e exterior do establecemento comercial (anexo III).

3. O prazo de presentación de solicitudes rematará o 29 de abril de 2006.

Artigo 6º.-Instrución e resolución.

1. A Dirección Xeral de Comercio e Consumo será o órgano competente para a instrución dos procedementos que se tramiten ao abeiro do disposto nesta orde.

2. Se a solicitude e/ou a documentación que se xunta non reúnen os requisitos establecidos no artigo 5º desta orde, requirirase á entidade solicitante para que, no prazo de dez días, contados a partir do seguinte á recepción do devandito requirimento, emende o defecto ou achegue os documentos preceptivos, coa indicación de que, se non o fixer, considerárase desistido da súa petición despois da correspondente resolución, de conformidade co disposto polo artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Os órganos administrativos encargados do procedemento poderán reclamar das entidades solicitantes a documentación adicional que consideren oportuna.

4. Revisados e completados, se for o caso, os expedientes, o órgano instrutor deberá emitir, como paso previo á valoración, un informe relativo ao cumprimento dos requisitos que para os solicitantes se establecen no artigo anterior.

Unha vez revisadas as solicitudes polo órgano instrutor, procederá á valoración delas unha comisión de valoración, constituída para o efecto, e que estará integrada por un xefe de servizo, un xefe de sección, e un técnico da Dirección Xeral de Comercio e Consumo.

5. O conselleiro de Innovación e Industria, á vista dos informes de avaliación, ditará a resolución de concesión ou denegación da axuda ou subvención que proceda.

6. As resolucións de concesión ou denegación das axudas ou subvencións serán motivadas e expresarán, polo menos, o obxecto e importe do proxecto subvencionado, a porcentaxe da axuda ou subvención concedida e a contía desta ou, se é o caso, o motivo da denegación.

O beneficiario da axuda deberá aceptala no prazo de quince días hábiles contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución, só para os efectos da optimización dos fondos dispoñibles. No caso contrario, e previo requirimento por parte da Dirección Xeral de Comercio e Consumo, entenderase que renuncia á axuda ou subvención concedida e se procederá de conformidade co establecido no artigo 42.1º da Lei 30/1992, do 26 novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A aceptación da axuda ou subvención formalízase mediante un documento asinado polo beneficiario no cal se compromete a cumprir todas as condicións establecidas nesta orde da convocatoria de axudas e, se for o caso, na resolución de concesión desta (anexo V).

7. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis meses. O prazo computarase a partir da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

Artigo 7º.-Criterios de selección dos proxectos.

Os proxectos ou actuacións que se presenten deberán ser técnica, comercial e financeiramente viábles e os criterios de avaliación, que servirán de base para a determinación da preferencia na concesión e contía das subvencións, relacionados por orde decrecente de importancia, serán os seguintes:

1. A situación do comercio retalista en concellos con menor índice de renda familiar bruta dispoñible, segundo a última publicación do indicador municipal de renda dos fogares elaborado polo IGE.

2. Por estar integrado nun centro comercial aberto.

3. Por pertenza a unha asociación de comerciantes ou empresarios.

4. A inclusión da proposta dun compromiso de uso e posterior utilización da lingua galega en campañas publicitarias, elementos promocionais e na sinalética interior e exterior do establecemento comercial.

Artigo 8º.-Modificación da resolución de concesión.

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes

públicos poderán dar lugar á modificación da resolución da concesión.

2. O órgano competente para a concesión da axuda poderá acordar a modificación da resolución a instancia do beneficiario. Os requisitos que se deberán cumprir para isto son os seguintes:

a) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros.

b) Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de teren concurrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da axuda ou subvención.

c) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade establecida nesta orde.

3. O beneficiario deberá solicitar a dita modificación mediante instancia dirixida ao conselleiro de Innovación e Industria, acompañada da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos reflectidos no punto anterior, cun límite de 20 días hábiles antes da data de finalización do prazo de xustificación do investimento.

4. O acto polo que se acorde a modificación da resolución ou, se é o caso, se denegue, será ditado polo órgano concedente logo de instrución do correspondente expediente, no cal se dará audiencia aos interesados na forma prevista no artigo 9.4º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

Artigo 9º.-Xustificación e prazo dos investimentos.

1. As subvencións concedidas faranse efectivas unha vez se presenten por duplicado exemplar, preferentemente en orixinal ou, na súa falta, copia compulsada, dos documentos que deseguido se relacionan:

a) Os que acrediten a realización das actuacións obxecto desta orde, xuntando unha memoria explicativa de cada unha das accións realizadas, así como facturas segundo relación nominativa agrupadas por actuacións subvencionables, segundo corresponda e facendo constar para cada documento o seu número de orde, data de expedición, expedidor, concepto e importe en euros, así como documentos xustificativos do pagamento dos investimentos realizados.

b) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, para a mesma finalidade, tanto das aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades públicos ou privados nacionais ou internacionais.

c) Certificacións expedidas polos organismos competentes, acreditativas de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma, sen prexuízo do disposto no artigo 43 da Lei 7/2005, de orzamentos

xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

2. O órganos competentes da Consellería de Innovación e Industria poderán solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento, que consideren convenientes. No caso de que non fosen remitidos polo beneficiario dentro do prazo que se sinale, poderase entender que renuncia á axuda.

3. A falta de presentación da xustificación implicará a anulación da subvención concedida.

4. A documentación acreditativa do investimento obxecto de subvención deberá ser presentada polo beneficiario no rexistro xeral da Consellería de Innovación e Industria ou a través dalgunha das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, con data límite o día 31 de outubro de 2006.

Artigo 10º.-Pagamento da subvención.

1. O libramento da subvención farase nun único pagamento, unha vez xustificado o investimento, mediante transferencia bancaria, para o cal se lle unirá a documentación de xustificación, certificación expedida pola propia entidade bancaria, en que conste código de banco, código de sucursal, dígito de control e código de conta corrente onde se debe realizar o aboamento.

2. As subvencións minoraranse proporcionalmente se o investimento xustificado é inferior ao orzamento que serviu de base para a resolución da súa concesión e sempre que estea garantida a consecución do obxecto.

Artigo 11º.-Réxime de recursos.

As resolucións, expresas ou presuntas, dos expedientes tramitados ao abeiro do disposto nesta orde esgotarán a vía administrativa e contra delas caberá interpoñer:

a) Recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Innovación e Industria no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación se é expresa, ou de tres meses contado a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ao da súa notificación, se é expresa, ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

E todo isto sen prexuízo de os interesados poderen exercer, se é o caso, calquera outro que coiden procedente.

Artigo 12º.-Obrigas do beneficiario.

Son obrigas do beneficiario:

a) Realizar a actividade ou adoptar o comportamento, que fundamenta a concesión da subvención.

b) Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se atopa ao día das súas obrigas tributarias estatais e coa Seguridade Social, e que non ten pendente de pago ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe o órgano concedente, así como calquera outra comprobación e control que poidan realizar os órganos de control competentes, e fornecer canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicar á entidade concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberase efectuar tan logo como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos incluídos os documentos electrónicos en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

Artigo 13º.-Reintegro das axudas ou subvencións.

1. No se poderá exixir o pagamento da axuda ou subvención concedida, e procederá ao reintegro total ou parcial da contía percibida, xunto cos intereses de demora percibidos desde o seu pagamento, nos casos seguintes:

a) Incumprimento da obriga de xustificación, ou xustificación insuficiente nos termos do artigo 30 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

b) Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión, falseando as condicións requiridas para isto ou ocultando aquelas que o impidan.

c) Incumprimento da finalidade, actividade, proxecto ou a non adopción do comportamento para que foi concedida a subvención.

d) Incumprimento das condicións impostas ao beneficiario con motivo da concesión da axuda ou subvención.

2. Así mesmo, procederá o reintegro do exceso percibido nos supostos en que o importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario ou, se é o caso, a porcentaxe máxima de subvención establecida no artigo 4.4º desta orde.

3. O procedemento de reintegro tramitarase consonte o establecido no artigo 20 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

4. As cantidades, que os beneficiarios deban reintegrar, terán a consideración de ingresos de dereito público e será de aplicación para o seu cobramento o previsto nos artigos 19 e 23 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Artigo 14º.-Fiscalización e control.

1. A concesión das axudas e subvencións reguladas nesta orde estará sometida ao exercicio da función interventora e de control financeiro por parte da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma nos termos que establece o capítulo V do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, as actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

2. A Consellería de Innovación e Industria poderá realizar en calquera momento as inspeccións que considere oportunas sobre os investimentos realizados.

Artigo 15º.-Réxime sancionador.

As infraccións administrativas cometidas en relación coas axudas e subvencións reguladas nesta orde sancionaranse de conformidade co disposto no artigo 79 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificado parcialmente pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, e no capítulo VII do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

Artigo 16º.-Publicación.

Unha vez resolta a convocatoria das axudas, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación de solicitudes concedidas con indicación da entidade beneficiaria, contía e finalidade da subvención.

Disposicións derradeiras.

Primeira.-En todo o non recollido nesta orde aplicarase o disposto para esta materia no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, e demais normativa de aplicación.

Segunda.-Facúltase a directora xeral de Comercio e Consumo para que dite as disposicións necesarias para a aplicación do disposto nesta orde.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2006.

Fernando Xabier Blanco Álvarez
Conselleiro de Innovación e Industria

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
**CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
 E INDUSTRIA**

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS PARA A IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS DE CALIDADE E FOMENTO DE CADEAS SUCURSALISTAS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN217A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

NOME OU RAZÓN SOCIAL DO SOLICITANTE		NIF/CIF	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

DATOS BANCARIOS

BANCO	OFICINA	DC	Nº DE CONTA
-------	---------	----	-------------

E na súa representación (de ser o caso):

APELIDOS	NOME	DNI
CARGO		

EXPÓN:

Que considerando que reúne os requisitos exixidos segundo se mostra na memoria programa e demais documentos que se xuntan, e con expresa aceptación de todos os termos expresados na orde correspondente, solicita unha subvención na contía que deseguido se relaciona:

- FINALIDADE DO INVESTIMENTO: _____
- ORZAMENTO DO INVESTIMENTO: _____

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

PEMES COMERCIAIS:

- DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA PERSONALIDADE OU IDENTIDADE DO SOLICITANTE (DNI/CIF) E, SE É O CASO, DE REPRESENTACIÓN CON QUE ACTÚA.
- ESCRITURAS DE CONSTITUCIÓN E AS SÚAS MODIFICACIÓNS NO CASO DE SOCIEDADES.
- DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DO NÚMERO DE TRABALLADORES.
- CERTIFICADO ACREDITATIVO EN QUE SE INDIQUE OS IAE EN QUE O SOLICITANTE ESTÁ DADO DE ALTA.
- MEMORIA DE ACTIVIDADES.
- ORZAMENTO DETALLADO DE GASTOS DAS ACTUACIÓNS A REALIZAR OU FACTURAS PRO FORMA.
- CERTIFICADOS DE NON TER DÉBEDAS COA XUNTA DE GALICIA, SEGURIDADE SOCIAL E AXENCIA TRIBUTARIA.
- DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS OU SUBVENCIÓNS E DE NON ESTAR INCURSO EN CAUSA DE INHABILITACIÓN (ANEXO II).

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 14 de marzo de 2006 pola que se establecen as bases e se procede á convocatoria para o ano 2006, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para a implatación de sistemas de calidade e fomento da creación e expansión de cadeas sucursalistas.

SINATURA DO SOLICITANTE E SELO DA ENTIDADE

de de 200

Conseleiro de Innovación e Industria

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA

ANEXO II

DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS PÚBLICAS SOLICITADAS/CONCEDIDAS PARA A ACTIVIDADE OBXECTO DE SOLICITUDE E DE NON ESTAR INCURSO EN NINGUNHA DAS CIRCUNSTANCIAS PREVISTAS NO ARTIGO 13 DA LEI 38/2003

D /Dª _____ con DNI nº _____ en calidade de _____ con CIF _____
 Comparece como titular ou en representación da empresa, organismo intermedio ou asociación de comerciante _____

DECLARA (sinalar cun X o que proceda):

- Non ter solicitado subvencións ou axudas para o proxecto obxecto de solicitude.
- Ter solicitado axudas e subvencións dos organismos que se mencionan a seguir para o proxecto obxecto da solicitude:

CONVOCATORIA ⁽¹⁾	ORGANISMO	CÓDIGO EXPEDIENTE ⁽²⁾	S/C/P ⁽³⁾	DATA	IMPORTE	AXUDA RÉXIME MÍNIMIS (SI/NON)

⁽¹⁾ Indicar a orde de convocatoria da axuda ou subvención para a cal se solicitaron ou recibiron axudas doutros organismos.

⁽²⁾ De non coñecerse o código de expediente, reflectir o programa ou liña de axudas do organismo.

⁽³⁾ Indicar a situación actual da axuda: S (solicitada), C (concedida), P (pagada).

Así mesmo, comprométome a comunicar á Dirección Xeral de Comercio e Consumo calquera nova solicitude, concesión ou pagamento que se produza con posterioridade á presente declaración, e en todo caso, antes do cobramento da/s subvención/s correspondente/s á presente solicitude.

- Igualmente declaro baixo a miña responsabilidade no estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas conforme o artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

E para que conste, para os efectos oportunos, asino a presente declaración-compromiso.

_____ de 200__

*ANEXO III***DECLARACIÓN - COMPROMISO PARA OS EFECTOS DO SINALADO NO ARTIGO 7º DA ORDE**

D/Dª _____ con DNI nº _____
 en calidade de _____ comparece en representación de
 _____ con CIF _____

DECLARO:

O compromiso de uso e posterior utilización da lingua galega en campañas publicitarias, elementos promocionais e na sinalética interior e exterior do establecemento comercial.

E para que así conste aos efectos oportunos, asino a presente declaración-compromiso.

_____, de _____ de 200__

Asinado: _____

*ANEXO IV***Códigos CNAE-93**

51	Venda, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores; venda a retalho de combustible para os vehículos de motor
50101	Venda de vehículos automóbiles
50103	Venda de caravanas
50302	Comercio a retalho de recambios e accesorios de vehículos de motor
504	Venda, mantemento e reparación de motocicletas e ciclomotores e dos seus recambios e accesorios
52	Comercio a retalho, agás o comercio de vehículos de motor e motocicletas e ciclomotores; reparación de efectos persoais e enxoval doméstico
52112	Supermercados (entre 2 499 e 400 m ²)
52113	Superservizos (entre 399 e 120 m ²)
52114	Autoservizos (entre 119 e 40 m ²)
52115	Outros establecementos non especializados
5212	Comercio a retalho doutros produtos en establecementos non especializados
52122	Outro comercio a retalho en establecementos non especializados
522	Comercio a retalho de alimentos, bebidas e tabaco en establecementos especializados
5221	Comercio a retalho de froitas e verduras
5222	Comercio a retalho de carne e produtos cármicos
5223	Comercio a retalho de peixe e mariscos
5224	Comercio a retalho de pan e produtos de panadaría, confitaría e pastelería
5225	Comercio a retalho de bebidas
5226	Comercio a retalho de produtos de tabaco
5227	Comercio a retalho en establecementos especializados en alimentos
52271	Comercio a retalho de produtos lácteos
52272	Outro comercio a retalho en establecementos especializados en alimentación
523	Comercio a retalho de produtos farmacéuticos, artigos médicos, beleza e hixiene
5231	Comercio a retalho de produtos farmacéuticos
5232	Comercio a retalho de artigos médicos e ortopédicos
5233	Comercio a retalho de cosméticos e artigos de toucador
524	Outro comercio a retalho de artigos novos en establecementos especializados
5241	Comercio a retalho de téxtiles
5242	Comercio a retalho de roupa de vestir
5243	Comercio a retalho de calzado e artigos de coiro
5244	Comercio a retalho de moblaxe: aparellos de iluminación e outros artigos para a casa
5245	Comercio a retalho de electrodomésticos, aparellos de radio, televisión e son

5246	Comercio a retallo de ferraxaría, pinturas e vidro
52461	Comercio a retallo de ferraxaría e vidro plano
52462	Comercio a retallo de materiais e bricolaxe
52463	Comercio a retallo de materiais de construción, pinturas e vernices e material de saneamento
5247	Comercio a retallo de libros, xornais e papelería
5248	Comercio a retallo en establecementos especializados
52481	Comercio a retallo de óptica, fotografía e precisión
52482	Comercio a retallo de reloxaaría, xoiaría e prataaría
52483	Comercio a retallo de brinquedos e artigos de deporte
52484	Comercio a retallo de artigos de droguaría, papeis pintados e revestimentos de pisos
52485	Comercio a retallo de sementes, flores e animais de compañía
52486	Comercio a retallo de combustibles (agás para vehículos automóbiles)
52487	Galerías de arte comerciais
52488	Outro comercio a retallo
525	Comercio a retallo de bens de segunda man, en establecementos
5250	Comercio a retallo de bens de segunda man, en establecementos
52501	Anticuarios
52502	Outro comercio a retallo de obxectos de segunda man

ANEXO V

ACEPTACIÓN DA AXUDA

DATOS DO/A BENEFICIARIO/A

NOME		NIF / CIF
Nº EXPEDIENTE	ENDEREZO	
LOCALIDADE		PROVINCIA

DATOS DO PROXECTO

ENDEREZO DO ESTABLECIMENTO	
LOCALIDADE	PROVINCIA
DESCRIPCIÓN DO PROXECTO	
IMPORTE SUBVENCIÓN	

EXPOÑO:

Que ao abeiro da Orde do _____, pola que se aproban as bases reguladoras e se procede á convocatoria para o ano 2006 de axudas, en réxime de concorrencia competitiva de subvencións para a implantación de sistemas de calidade e fomento da creación de cadeas sucursalistas (DOG nº _____), presenteí solicitude de subvención para o desenvolvemento do proxecto arriba indicado.

Que recibín notificación da Dirección Xeral de Comercio e Consumo da Consellería de Innovación e Industria pola que se xuntaba resolución ditada polo conselleiro de concesión de subvención ao abeiro da devandita orde.

Por todo isto,

ACEPTO a concesión desta axuda, comprometéndome a cumprir todas as condicións establecidas na orde de convocatoria e na resolución de concesión desta.

_____, ____ de _____ de 200__

Asdo.: _____ (escribir nome e asinar)

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 16 de marzo de 2006 pola que se resolve o concurso para a provisión de postos de traballo vacantes nas escalas de estatística da Xunta de Galicia F0305, convocado pola Orde do 1 de decembro de 2005.

Convocado o concurso F0305, pola orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 1 de decembro de 2005 (*Diario Oficial de Galicia* nº 238, do 14 de decembro), e á vista da proposta de adxudicación de vacantes aos participantes no concurso, elevada pola comisión de valoración, mediante acordo adoptado na correspondente sesión, esta consellería, de conformidade co previsto nas bases VI.4 e VI.6 da convocatoria,

DISPÓN:

Primeiro.-Resolver definitivamente o concurso F0305, adxudicándolles aos/ás funcionarios/as que se relacionan nos anexos I e II os postos de traballo que se especifican neles, tanto da primeira fase do concurso como da fase de resultas.

Segundo.-De conformidade co disposto no Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna e na base VIII da convocatoria do concurso, a toma de posesión dos/as funcionarios/as que obtiveron un posto de tra-

ballo como consecuencia da resolución do concurso, efecturase nos prazos establecidos no artigo 14 do citado regulamento, computándose estes a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Os destinos adxudicados serán irrenunciabes, salvo que con anterioridade á finalización do prazo posesorio se obteña outro destino mediante convocatoria pública, ben polo procedemento de libre designación ou por concurso, en que poderán optar por un dos dous, estando obrigados a comunicarlle por escrito nos tres días seguintes a opción realizada á Dirección Xeral da Función Pública.

Os traslados que deriven da resolución deste concurso terán a consideración de voluntarios; en consecuencia non xerarán dereito a indemnización.

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición perante esta consellería no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou poderase impugnar directamente perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2006.

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

ANEXO I

1º APELLIDO	2º APELLIDO	NOME	NIF	GRUPO	POSTO	CODIGO DO POSTO	DENOMINACION	CONS.	CONCELLO	NIVEL	PUNTOS
AGUILAR	VAZQUEZ	NURIA	33296166D	A	3	EF.A01.00.002.15770.039	XEFE SECCION ANALISE E ESTUDOS	EF	SANTIAGO DE COMPOSTELA	25	14,000
DIAZ	DOUTON	ROSA MARIA	33294822E	A	1	EF.A01.00.001.15770.057	XEFE SECCION BIBLIOTECAS E PUBLICACIONES	EF	SANTIAGO DE COMPOSTELA	25	10,500
SILVEIRA	CALVIÑO	SOLMARY	33296796H	A	2	EF.A01.00.002.15770.023	XEFE SECCION ANALISE E ESTUDOS	EF	SANTIAGO DE COMPOSTELA	25	10,950

POSTO	CODIGO DO POSTO	DENOMINACION	CONS.	CONCELLO	NIVEL	1º APELLIDO	2º APELLIDO	NOME	NIF	GRUPO	PUNTOS
1	EF.A01.00.001.15770.057	XEFE SECCION BIBLIOTECAS E PUBLICACIONES	EF	SANTIAGO DE COMPOSTELA	25	DIAZ	DOUTON	ROSA MARIA	33294822E	A	10,500
2	EF.A01.00.002.15770.023	XEFE SECCION ANALISE E ESTUDOS	EF	SANTIAGO DE COMPOSTELA	25	SILVEIRA	CALVIÑO	SOLMARY	33296796H	A	10,950
3	EF.A01.00.002.15770.039	XEFE SECCION ANALISE E ESTUDOS	EF	SANTIAGO DE COMPOSTELA	25	AGUILAR	VAZQUEZ	NURIA	33296166D	A	14,000

ANEXO II

1º APELLIDO	2º APELLIDO	NOME	NIF	GRUPO	POSTO	CODIGO DO POSTO	DENOMINACION	CONS.	CONCELLO	NIVEL	PUNTOS
VILLAR	CHEDA	MARIA ESTAFANI	32673611H	A	5	EF.A01.00.002.15770.051	XEFE SECCION DE ASISTENCIA TECNICA	EF	SANTIAGO DE COMPOSTELA	25	10,200

Resolución do 14 de marzo de 2006, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión de administración da Xunta de Galicia (grupo B), escala técnica de finanzas, convocado pola Orde do 28 de decembro de 2004 (Diario Oficial de Galicia número 252, do 29 de decembro).

En sesión celebrada o día 14 de marzo de 2006, o tribunal designado pola Orde do 7 de decembro de 2005, para cualificar o proceso selectivo para

o ingreso no corpo de xestión de administración da Xunta de Galicia (grupo B), escala técnica de finanzas, acordou, de conformidade co establecido na dita orde de convocatoria, o seguinte:

Primeiro.-Fixar en 60 o número de respostas correctas exixidas para acadar a puntuación mínima de 10 puntos de acordo co establecido na base II.1.3. da orde da convocatoria.

Segundo.-Anular as preguntas número 48, 53 e 62 do primeiro exercicio do proceso selectivo, pasan-